



## INSTRUCCIÓN PARA O PROFESORADO ANTE UNHA EVACUACIÓN DE EMERXENCIA

Unha vez detectada a situación, se comunica **ao conserxe**

A evacuación se inicia cando se escoita soar o timbre TRES veces seguidas.

### ANTES DE SAÍR:

- O/a profesor/a **sítuase na porta** e **comproba a RUTA DE EVACUACIÓN** no plano da porta da aula.
- Pedir ao alumnado que **peche as ventás** (non as persianas)
- Organizar ao alumnado para que forme unha soa fila, co delegado diante, informado da ruta de evacuación.
- Deben deixar todo o material na aula
- Contar ao alumnado ao saír.
- Saír de último, comprobando que non queda ninguén e as ventás pechadas.
- Ao saír, pechar a porta **SEN CHAVE** (para que se poida comprobar posteriormente que queda baleira)

### SE HAI ALGÚN ALUMNO **DISCAPACITADO**, QUEDARÁ CONFINADO NA AULA:

- se chega unha coidadora, o/a profesor/a baixará co grupo.
- se non hai coidadora, o/a profesor/a permanecerá co/a alumno/a, avisando a outro/a profesor/a para que se faga cargo dos seu alumnado

### DURANTE A SAÍDA:

- en ningún caso se poderán empregar os ascensores.
- o/a profesor/a que faga o **percorrido de evacuación máis longo** ata as escaleiras, **DEBE COMPROBAR SE AS AULAS E OS ASEOS POLOS QUE PASA QUEDAN BALEIROS**, para informar á saída ao director.
- baixar ordenadamente en fila de un.
- se se xuntan dous grupos, as filas circularán en paralelo polas escaleiras e, nos corredores entre escaleiras, formarán unha fila individual.

UNHA VEZ FÓRA DO EDIFICIO, DEBEN DIRIXIRSE AO PUNTO DE ENCONTRO, NA **PISTA POLIDEPORTIVA**, ONDE CADA PROFESOR DEBE FACER O RECONTO DOS SEUS ALUMNOS e, de ser o caso, do grupo doutro/a profesor/a do que se fixese cargo.

Ademais, **DEBESE INFORMAR AO DIRECTOR DO ALUMNADO QUE QUEDOU CONFINADO NO INTERIOR.**





## INSTRUCCIÓN PARA O PERSOAL DE CONSERXERÍA E ADMINISTRACIÓN ANTE UNHA EVACUACIÓN DE EMERXENCIA

Os conserxes serán os primeiros receptores dunha potencial situación de emerxencia. O primeiro que se debe facer é avisar á dirección e ir a verificar se a situación de emerxencia é real. Se comproba que a situación de emerxencia é real, informa á dirección, quen chamará ao 112.

A continuación, os conserxes, coa axuda das administrativas, deben:

- Dar tres toques longos de timbre.
- Baixar os ascensores á planta baixa (e así comprobar que están baleiros) e bloquealos (ben desconectándoos ou ben bloqueando á porta cunha cadeira na planta baixa).
- Apagar o cadro eléctrico principal.
- Abrir as tres portas exteriores da planta baixa, coa axuda das administrativas.
- Abrir as dúas portas exteriores do soto: tecnoloxía e educación física.

A distribución do persoal será a seguinte:

- O director: na porta central, dirixindo ao alumnado á pista polideportiva.
- Os conserxes: un na porta que da ao aparcamento e o outro, se está no centro, nas de abaixo (controlando as dúas desde o exterior)
- Unha das administrativas: na porta que dá a pista polideportiva.





## INSTRUCCIÓN PARA AS COIDADORAS ANTE UNHA EVACUACIÓN DE EMERXENCIA

- Unha vez detectada a situación, se comunica **ao conserxe**
- A evacuación se inicia cando se escoita soar o timbre TRES veces seguidas.
- Se houbese alumnado con discapacidade na planta baixa ou no soto, sairán polas portas de emerxencia cara ao punto de encontro, na pista polideportiva exterior ou, no caso do alumnado que sae polo soto, no xardín posterior do edificio.
- O alumnado que estea nos andares 1º, 2º e 3º quedarán confinados nunha mesma aula en cada andar (a máis afastada do foco da emerxencia) acompañados dunha coidadora, dando aviso ao profesorado que acompañe a outro grupo da aula na que quedan.
- En caso de haber alumnos nos tres andares e contar só dúas coidadoras no centro, a custodia a fará o profesor dese/a alumno/a.
- A aula na que estean confinados deberá ter as **ventás pechadas**. É aconsellable, en caso de lume, tapar a ranura inferior da porta cunha prenda para evitar que entre fume.

